

Juan José Ispizua

A hora dos cans

Un can vello da conca do Baztán, farto de recibilos mesmos paos de distintos donos, denunciou ata aquí chegamos e pensou que xa viña sendo hora de facer o que lle pedira o corpo. Máis aínda, era tempo xa de esquecelos soños caninos de sempre, elixilo fado de seu e tomalo poder dunha vez por todas. Para iso, de primeiro cumpría convocar a tódolos cans do val á Xunta Canina do Baztán.

Can que se atopaba, fora este da aldea ou da vila, can que quedaba avisado e enfoutado a convocares outros cans. A xuntanza celebraríase na seguinte noite de lúa chea, en Zugarramurdi.

Chegou, por fin, a noite esperada, e milleiros de cans reuníronse nos arredores dos prados dos akelarres, todos eles agardando a que o máis ancián e sabido collera a palabra. E así foi, dirixíndose á tódolos concorrentes:

- Queridos irmáns e irmás, tempo é de recuperalos nosos dereitos de vivir en liberdade. Tempo é de voltar ó xeito de vida dos nosos devanceiros... –e prolongouse longo tempo, convertíndose no mellor e máis brillante discurso endexamáis escoitado por unha comunidade canina, e concluiu...– ¡¡suprimámolas cadeas, rachémolos nosos colares, non máis amos para ninguén!!

Na noite clara, un clamor incansable e unha aspiración de liberdade elevouse polo aire daquela paisaxe, dende o monte Larrun ata os campos de Iparla. O val enteiro encheuse de tantos ladros e ouveos como cans se congregaran na assemblea. Aínda así, temperada a eufórica lóxica do primeiro intre, o can do ferreiro de Urdazubi animouse a pedila palabra:

- Compañeiros, a paixón dun bo discurso ensancha a alma e embaza os ollos recordando os momentos amargos do pasado –unha intervención de tanto siso ben pagaba a atención de tódolos alí presentes–. Pero a nosa condición de seres encadeados non nos da dereito a rachar tódalas cadeas. Fixarvos no vantaxoso que resultan para levar as vacas ó matadoiro. De que outro xeito se non poderíamos xantalos osos do boi e mailas vísceras da vaca que adoitamos xantar.

E porque ós cans ben que lles praxe rillalos osos, e porque aquela era unha cuestión que a niguén se lle pasara desapercivida, as palabras do can da ferraría foron como unha lastra. A xuntanza desconvocouse en silencio, e todos se retiraron deica próxima convocatoria, convencidos de que a decisión que acaban de tomar, a de non rachar ningunha cadea, era a máis axeitada. Namentres, habería que cavilar novamente no xeito de encamiñar aquela revolución.

Chegou un novo día de lúa chea e, con el unha nova assemblea á que acudiron tódolos cans do Baztán, todos agás o can do ferreiro. Aquela e outras poucas ausencias de última hora apenas desluciron o gran ambiente reinante entre o inxente número de asistentes, e o noso cán ancián non quixo facer máis demora e retomou o discurso co que hai tan só un mes abrira a reunión. E volvéronse repetir ouveos de ledicia e ladros de festa, en idéntica disposición e mesma intensidade, e voltaron a elevarse polo aire daquela paisaxe, dende os campos de Iparla ata o monte Larrun.

E daquela, foi un dos cans do albardeiro, quen a xeito de voceiro de todos eles, tomou a palabra:

- Queridos irmáns e irmás, todos amámola liberdade profundamente. Non embargante, pensar no mal que nos poderían facer todos eses fatos de delincuentes, se se lles permitira campar ás súas anchas. Botar conta da morea de feridos graves e mortos que deixarían as liortas cos lobos, de non seren polas fortes proteccionas que levamos no pescozo.

- ¡¡Pero se hai décadas que non temos ollado ningún lobo polo Baztán!!–interrumpiulle o can

máis ancián–.

- ¡Xa! Voltaron a escoitalos seus ouveos pola zona da Piedra de Alba –contestoulle rapidamente o xoven voceiro–. E si queremos facer fronte os seus ataques, os nosos firmes colares de coiro son tan necesarios como os nosos afiados cabeiros.

- ¡Así é! ¡Tes razón! ¡Necesitámoslos! –gritaron tódolos cans, medorentos da suposta presenza dos lobos–.

O sabio e ancián can, tivo que ceder diante da acendida presión dos asistentes, e non lle quedou outro remedio que aceptala proposta, e como o día xa despuntaba polo leito do ceo, todos se foron despedindo, retirándose cada un á súa casa, deica próxima xuntanza.

Dende entón, tódalas noites de lúa chea, nos arredores do Baztán, séguense a escoitalos ladros e ouveos dos cans.

Aqueles que fachendea de ter o ouvido moi fino din que cada vez e menor o número de cans que asisten a esas reunións. Tamén hai quen di que so é un fato de cans desleais o que aínda se reúne nas noites de lúa chea na hora dos cans.

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza.

Oren orena

Baztango bailaran ugazaba askoren egurra jasanda zegoen txakur zahar batek planto egin eta otu zitzaion bazela garaia berak nahi zuena egiteko. Are gehiago, txakur-ametsak alde batera utzi eta orek euren buruaren jabe izan eta agintea hartu behar zutela. Horretarako Baztango Oren Biltzarrera deituko zituen txakur guztiak.

Aurkitu txakur bakoitzari, baserrikoa dela, kalekoa dela, biltzarrerako abisua pasatu zion eta gainerako txakurrei ere jakinarazteko mandatu eman. Ilargi beterako bilduko guztiak ziren Zugarramurdin.

Heldu zen batzar gaua eta milaka txakur bilduta zeuden akelarreko zelaian, denak txakur zahar eta jakintsu haren hitzak entzuteko grinaz. Mintzatzen hasi zitzairen honela:

- Neba-arreba maiteok, sasoa da gure libertateak berreskuratzeko eta askatasun bizitzan murgiltzeko. Gure arbasoen senera bueltatzeko... –luze jardun zuen txakurren artean inoiz izan den diskurtsorik sendo, potolo, mamitsu eta mardulena izan zelarik honela amaitu zen hura– ...hautsi ditzagun kateak, apurtu koilarrak, ahaztu ugazabak!!

Larrun menditik Iparlako larretaraino entzun ziren askatasun ahausi eta algarak gau ilargitsu hartan. Txakur adina zaunka eta intziriz bete zen bailara. Alabaina. lehen momentuko beroak epeldutakoan Urdazubiko errementariaren ora mintzatu zen:

- Oren alai honetako kideok. Hitzen beroak arima hanpatzen digu eta begiak lausotu jasan ditugun sufrimenduak gogoratzean –isildu egin ziren denak horren hitz ederrak entzunda–. Ezin dugu, baina, geu kateatzen gaituztelako katea guztiak hautsi. Oso lan handia egiten dute behiak hiltegiara eramateko orduan. Pentsa ezazue, bestela, nola jan genitzakeen idi-hezurak eta behiki erraiak.

Txakurrek hezurak eta erraiak gustuko dutelako edo haien pentsamenduan zegoelako, eragina izan zuten errementariakoaren esanak. Eta kateak hautsi egin behar ez zirelako erabakia ondo errotuta joan zen bakoitza bere etxaldera hurrengo ilargi betean bilduko zirelako deiarekin. Bitartean iraultzarekin aurrera egiteko zer egin behar zen pentsatu beharra zegoen.

Heldu zen hurrengo ilargi betea eta berarekin Baztango txakur guztiak, errementariaren ezik. Gutxi batzuen faltak ez zuen saldoaren handitasuna murriztu eta gure txakur zaharrak berriro zabaldu zuen hilabete lehenagoko diskurtsoa. Orduan besteko algara, intziri eta kantu alai

entzun zen Iparlatik Larruneraino. Honetan uhalgileen txakurren ordezkari zetorren batek hartu zuen hitza:

- Neba-arreba maiteok osoki maite dugu libertatea. Alabaina, gaizkileek, askatasunean bizi badira, kalte handiak eragin ahal dizkigute. Kontuan izan otsoekin borrokan egitean zenbat larri zauritu eta hildako legokeen gure iduneko koilar sendo eta babesgarriengatik ez balitz.

- Aspalditik ez badago otsorik Baztanen!! –moztu dio txakur zaharrak uhalgile-txakurren ordezkariari–.

- Bai! Albako Harriko inguruan entzun dituzte haien uluak –erantzun dio berehala ordezkariak–. Eta haien erasoei aurre egiteko gure letaginak bezainbeste behar ditugu larruzko koilar sendoak.

- Bai! Zuzen dabil! Behar ditugu! –oihukatu dute txakur guztiek, ustezko otsoen beldur–.

Txakur zaharrak, amore emanda, onartuzat jo zuen proposamena eta, eguna argitzen ari zenez, bakoitza bere etxea joateko beta zela gogoratu hurrengo biltzarrera arte.

Geroztik ilargi betea den guztietan entzuten dira txakurren ahausi eta intziriak Baztan inguruan. Belarri fina dutenek gero eta txakur gutxiagoren zaunkak entzuten direla adierazten dute. Bada esaten duenik ere txakur deslaxiak baino ez direla biltzen ilargi beteko oren orenean.